

CURSO DE ACTUALIZACIÓN DA AGAT

**TRASTORNOS
DO ESPECTRO AUTISTA**



ATENCIÓN INTEGRAL E PROCEDIMENTOS DIAGNÓSTICOS

JOSEP M^a BRUN GASCA

AMPARO RODRÍGUEZ LOMBARDÍA

M. BELÉN MARTINEZ CALVO

JESÚS EIRIS PUÑAL

XOANA BALADO FERNÁNDEZ

14 de marzo

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA- POLÍGONO DE FONTIÑAS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

A CONTEXTUALIZACIÓN

Propoñemos este novo curso de actualización na procura de experiencias e ideas para mellorar a identificación e intervención precoz cos nenos e nenas que presentan signos de autismo, dificultades graves de axuste na interacción e comunicación social, intereses empobrecidos, ou anomalías na vivencia sensorial. Nenos e familias inmersos nun horizonte de sufrimento que precisan mais empatía, esforzo e apoio social.

Na primeira parte da xornada (9:00-11:30), **Josep M^a Brun Gasca**, psicólogo e psicoterapeuta, director do PROGRAMA AGIRA (Atención Integral a Nenos Riesgo de Autismo), presentará este plan asistencial e os seus resultados. O PROGRAMA AGIRA, implementado en varias comarcas de Barcelona pretende realizar unha atención mais integral, intensiva e coordinada, prestando apoio e acompañamento á función coidadora das familias e das educadoras.

Na segunda parte (12:00-14:00), **Amparo Rodríguez** (Pediatra), **M. Belén Martínez** (Psiquiatra), **Jesus Eirís** (Neuropediatra) e **Xoana Balado** (Psicomotricista), nunha mesa redonda e dende as súas posicións profesionais achegaran datos e perspectivas para ilustrar os procedementos diagnósticos que se realizan en Galicia. Afondarán nos criterios e instrumentos que utilizan e as súas posibles consecuencias. E compartirán propostas para posibles melloras.

OS POÑENTES

Josep M^a Brun Gasca.

Psicólogo Clínico. Psicoterapeuta. Psicólogo clínico da Escola Viver Castell de Sant Foix en Santa Maria de Martorelles, do Concello de Barcelona. Presidente da asociación a.CAF (autismes. Centre d'Assessorament i Formació).

Amparo Rodríguez

Especialista en Pediatría. Pediatra de atención primaria no C.S. Castrillón, na área sanitaria de A Coruña. Membro fundadora e presidenta da Asociación Galega de Pediatría de Atención Primaria (AGAPAP). Vocal da Asociación Española de Pediatría de Atención Primaria (AEPAP)

Jesús Eirís

Especialista en Neuropediatría. Responsable da Unidade de Neuroloxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, na área sanitaria correspondente. Membro da Sociedade Española de Neuroloxía Pediátrica da que foi Presidente (2005-2007).

M. Belén Martínez

Especialista en Psiquiatría. Psiquiatra no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, na actualidade na Unidade de Saúde Mental Infanto- Xuvenil da área Sanitaria de Vigo. Formación específica en instrumentación para o diagnóstico do autismo (ADI-R, ADOS 2,)

Xoana Balado

Especialista en Psicomotricidade Relacional. Psicomotricista na Unidade de Atención Temperá do Complexo Hospitalario de Universitario de Ferrol. Membro da Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT).

LUGAR:

EGAP (Escola Galega de Administración Pública)
Santiago de Compostela

DATA:

14 de MARZO de 2020

PROGRAMA:

08.30 – 09.00 Recepción

09.00 – 11.30 Atención integral do autismo. O programa AGIRA.
Josep M. Brun

11.30 – 12.00 Pausa – café

12.00 - 14.00 TEA. Procedementos diagnósticos en Galicia. Situación actual e
propostas de mellora.
Amparo Rodríguez, Jesús Eiris, M^a Belén Martínez, Xoana Balado

DESTINATARIOS:

Profesionais do ámbito asistencial, educativo e sociosanitario de 0-6 anos

PRAZAS:

Limitadas. Por rigorosa orde de recepción da solicitude de inscrición e pagamento.

DECLARADO DE INTERESE SANITARIO

COTAS: (inclúen o café da pausa)

Ata o día 25 de febreiro de 2020:

- Cota de inscrición socios/as AGAT: **25 €**
- Cota especial: Inscrición + Asociación AGAT: **45 €**
- Cota de inscrición de non-socios/as: **35 €**

Ata o día 7 de marzo de 2020 :

- Cota de inscrición socios/as AGAT: **45 €**
- Cota especial: Inscrición + Asociación AGAT: **70 €**
- Cota de inscrición de non-socios/as: **60 €**

INSCRICIÓN

- Entrar en “Contacto” na páxina principal da web da AGAT: <http://www.atenciontemprana.com>
- Cubrir o formulario poñendo os vosos datos personais, profesión e lugar de traballo
- No apartado “email” poñede, por favor, o voso enderezo electrónico, para poder enviarnos notificacións.
- Na ringleira de “asunto” escribir "Inscripción Curso Atención Integral e Procedementos Diagnósticos"
- Finalmente premer (pinchar) no botón “Enviar”.
- Inmediatamente recibiredes unha mensaxe automática de saída da vosa solicitude.
- Posteriormente, un correo de “AGAT Formación” (formacion@atenciontemprana.com) vos confirmará da recepción da vosa solicitude e vos informará de que para formalizar a matrícula tedes que ingresar a cota correspondente na conta:

C/C da AGAT **2080 0553 50 3040005038** ABANCA

- A admisión ao curso será efectiva cando recibades outro correo de “AGAT Formación” **confirmando** o ingreso da vosa cota de inscrición na conta da AGAT.

Condições de uso, pago, cancelación e devolución dos cursos

A Organización resérvase o dereito de suprimir e/ou modificar datas e lugares en caso de non contar cun mínimo de participantes. Nestes casos notificarase aos participantes con anticipación, devolvéndolles, así mesmo, integramente o diñeiro da inscrición abonada. En caso de cancelación da inscrición esta será devolta na súa totalidade se se realiza 30 días antes do inicio do curso cunha penalización de 5 euros por gastos de xestión e administrativos. Non se realizará ningún reembolso se a cancelación realízase nos últimos 30 días. En caso de suspensión do curso ou modificación de datas, outorgarase un reembolso completo ou unha nova inscrición noutro curso de idénticas características.

Anulación ou modificación de cursos por parte do Organizador

A Organización resérvase o dereito de suprimir e/ou modificar datas e lugares en caso de non contar cun mínimo de participantes. Nestes casos notificarase aos participantes con anticipación, devolvéndolles, así mesmo, integramente o diñeiro da inscrición abonada ou unha nova inscrición noutro curso de idénticas características ou diferente prezo devolvendo a diferenza se o prezo é inferior ou solicitando a diferenza se o prezo é superior.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

atenciontemprana@atenciontemprana.com

agat@atenciontemprana.com

Tfno. 698 124 611